

CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 2021

A Presidenta de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o vindeiro **mércores 3 de novembro de 2021**, en primeira convocatoria ás 16:00h e a segunda ás **16,30h**. No edificio **CERSIA Empresa** (rúa Alcalde Raimundo López Pol. Barrio de San Lázaro) en Santiago de Compostela.

Orde do Día:

1. Cambios na composición do Consello Reitor.

Incorporación de representante da sectorial de asesorías-consultoras e cambio de representante da sectorial de consumo.

2. Presentación e aprobación, se procede, do Plan estratéxico 2022-2025

Preséntase a proposta de Plan estratéxico 2022-2025, resultado do traballo participativo desenvolto durante este ano.

3. Proceso de elaboración do Plan operativo anual (POA) para o exercicio 2022

Traballo en grupo para revisión de propostas e recollida de achegas, co fin de elaborar o POA 2022.

4. Elección das persoas que asinarán a acta

Xunto coa presidenta e secretario da asemblea, teñen que asinala tres persoas presentes na asemblea.

5. Rogos e preguntas

Santiago de Compostela, a 19 de outubro de 2021.

espazo coop
unión de cooperativas galegas
www.espazo.coop

Asdo. Ana Olveira Blanco

Hora prevista de finalización as 18:30h

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os Estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. Os acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior

PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **inscribirse** no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado coa convocatoria.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

A asemblea, en formato presencial, terá lugar no **Edificio CERSIA Empresa**, do Concello de Santiago de Compostela. Barrio de San Lázaro, na rúa Alcalde Raimundo López Pol

